

CLUB NATACIÓN SARVAL ARTEIXO

XVII ENCONTRO CONCELLO DE ARTEIXO

DATA : 9 de Abril do 2016

LUGAR: Piscina Municipal de Arteixo

HORARIO: 16.30 quencemento, 17.30 horas competición

SESIÓN ÚNICA de tarde, cronometraxe manual

ORGANIZA: CLUB NATACIÓN SARVAL ARTEIXO

CATEGORÍAS:

- **Benxamín (Mascullinos 04-05-06) (Femininos 05-06)**
- **Alevín (Mascullinos 02-03) (Femininos 03-04)**

REGULAMENTO

I.- PARTICIPACIÓN E CATEGORÍAS

- A participación está aberta ós clubs invitados que confirmen a súa asistencia antes do 14 de marzo de 2016.
- Os clubs só poderán inscribir 2 nadadores por proba e 3 equipos de remudas.
- Cada nadador poderá participar en 2 probas individuais e na remuda.
- A participación por Club limitarase a un máximo de 30 nadadores.
- O Club Natación Sarval Arteixo, resérvase o dereito de inscribir nadadores fora de concurso, nas pistas libres, despois da confección das series.
- O "**XVII ENCONTRO CONCELLO DE ARTEIXO**" está dirixido a nadadores de ambos sexos, das seguintes categorías:
 - Benxamín (masculina nacidos no 04-05-06, e feminina nacidas no 05-06)
 - Alevín (masculina nacidos no 02-03, e feminina nacidas no 03-04)

II.- PREMIOS

PROBAS INDIVIDUAIS : MEDALLAS PARA O 1º, 2º, e 3º DE CADA PROBA

PROBAS DE REMUDAS: MEDALLAS PARA OS TRES PRIMEIROS EQUIPOS CLASIFICADOS

TROFEO "CONCELLO DE ARTEIXO "

Trofeo o Club mellor clasificado segundo a puntuación total prevista no seguinte apartado . O empate decidírase a favor do club con mellores postos individuais e con mellor puntuación conxunta das remudas, por esta orde.

PUNTUACIÓN:

- Nas probas individuais puntuarán os 8 primeiros clasificados, da seguinte forma: 15.12.10.8.7.6.5.4
Só se terán en conta a efectos de puntuación, dous nadadores por club.
- Nas probas de remudas a puntuación será dobre e so puntuará un equipo por categoría e club.

AGASALLOS DE PARTICIPACIÓN:

- Cada nadador recibirá un agasallo conmemorativo do Encontro
- Cada Club recibirá un agasallo conmemorativo do Encontro

III.- PROBAS

- ♣ 1º PROBA 25M. LIBRES BENXAMÍN MASCULINO
- ♣ 2º PROBA 25M. LIBRES BENXAMÍN FEMININO
- ♣ 3º PROBA 50M. COSTAS ALEVÍN MASCULINO
- ♣ 4º PROBA 50M. COSTAS ALEVÍN FEMININO
- ♣ 5º PROBA 25M. BRAZA BENXAMÍN MASCULINO
- ♣ 6º PROBA 25M. BRAZA BENXAMÍN FEMININO
- ♣ 7º PROBA 100M. ESTILOS ALEVÍN MASCULINO
- ♣ 8º PROBA 100M. ESTILOS ALEVÍN FEMININO
- ♣ 9º PROBA 25M. COSTAS BENXAMÍN MASCULINO
- ♣ 10º PROBA 25M. COSTAS BENXAMÍN FEMININO
- ♣ 11º PROBA 50M. BOLBORETA ALEVÍN MASCULINO
- ♣ 12º PROBA 50M. BOLBORETA ALEVÍN FEMININO
- ♣ 13º PROBA 100M. ESTILOS BENXAMÍN MASCULINO
- ♣ 14º PROBA 100M. ESTILOS BENXAMÍN FEMININO
- ♣ 15º PROBA 50M. LIBRES ALEVÍN MASCULINO
- ♣ 16º PROBA 50M. LIBRES ALEVÍN FEMININO
- ♣ 17º PROBA 25M. BOLBORETA BENXAMÍN MASCULINO
- ♣ 18º PROBA 25M BOLBORETA BENXAMÍN FEMININO
- ♣ 19º PROBA 50M. BRAZA ALEVÍN MASCULINO
- ♣ 20º PROBA 50M. BRAZA ALEVÍN FEMININO
- ♣ 21º PROBA REMUDAS 6x25 LIBRES MIXTAS BENXAMÍN
- ♣ 22º PROBA REMUDAS 6x50 LIBRES MIXTAS ALEVÍN

IV.- ORGANIZACIÓN

- OS NADADORES PRESENTARANSE AS 16.30 NA PISCINA MUNICIPAL DE ARTEIXO
- O COMEZO DAS PROBAS SERÁ AS 17.30 HORAS (1 HORA DE QUENCEMENTO)
- O REGULAMENTO DAS PROBAS SERÁ O MESMO QUE O APLICADO NAS PROBAS DE "NATACIÓN ESCOLAR"
- OS NADADORES PRESENTARANSE NA CÁMARA DE SAÍDA CON DÚAS SERIES DE ANTELACIÓN
- OS DELEGADOS DE CADA EQUIPO INFORMARÁN DAS BAIXAS Ó CHEGAR O RECINTO DEPORTIVO, E ENCARGARANSE DE MANTER SILENCIO DURANTE AS SAÍDAS.
- CADA EQUIPO SITUARASE NO LUGAR PREVIAMENTE INDICADO POLA ORGANIZACIÓN. DENTRO DO ESPACIO DEPORTIVO.

V.- INSCRICIÓNS:

Serán confeccionadas co programa Xesde da FEGAN, enviando o arquivo e o documento que xera o propio programa (word ou pdf) **antes do venres 1 de abril de 2016**. A base de datos enviarémola ós clubs por correo electrónico cando confirmen a súa asistencia.

- Contacto: TELÉFONO DO CLUB: 652.542.548
- Correo-e: info@natacionarteixo.com